

## Disposición derradeira primeira.

Habilítase o Goberno para desenvolver, por proposta do ministro de Xustiza, o previsto nesta lei.

## Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**18870** *LEI 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.* («BOE» 260, do 31-10-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

## I

A regulación do réxime de acceso á profesión de avogado en España é unha exixencia derivada dos artigos 17.3 e 24 da Constitución: estes profesionais son colaboradores fundamentais na impartición de xustiza, e a calidade do servizo que prestan redonda directamente na tutela xudicial efectiva que a nosa Constitución lle garante á cidadanía.

Esta lei constitúe, polo tanto, complemento do disposto para efecto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, que consagran a función dos avogados, aos cales reserva a dirección e defensa das partes, de modo que a estes lles corresponde garantir a asistencia letrada ao cidadán no proceso, de forma obrigatoria cando así o exixa a norma procesual e, en todo caso, como dereito á defensa expresamente recoñecido pola Constitución. A asistencia do avogado, conforme o concepto amplo de tutela a que se debe aspirar, comprende tamén as actuacións profesionais tendentes a evitar o proceso mediante fórmulas preventivas e compostivas así como, en xeral, o asesoramento en dereito.

Tamén o procurador, ao cal a LOPX lle outorga a representación das partes cando así o estableza a norma procesual, garante a asistencia xurídica; é daquela imprescindible prever tamén os requisitos necesarios para o acceso a esta profesión, en liña coa tradición que xa existiu en España.

A experiencia do dereito comparado mostra que a actuación ante os tribunais de xustiza e as demais actividades de asistencia xurídica requiren a acreditación previa dunha capacitación profesional que vai máis alá da obtención dunha titulación universitaria. Iso xustifica a regulación de dous títulos profesionais complementarios ao título universitario en dereito: o título profesional de

avogado, exixible para prestar asistencia xurídica utilizando a denominación de avogado; e o título profesional de procurador, exixible para actuar ante os tribunais en calidade de tal.

Ademais, nunha Europa que camiña cara a unha maior integración faise imprescindible a homologación destas profesións xurídicas, para garantir a fluidez na circulación e o establecemento de profesionais, un dos piares do mercado único que constitúe base esencial da Unión Europea.

## II

Débese recordar que a necesaria capacitación profesional destes colaboradores no exercicio da tutela xudicial efectiva foi unha reivindicación constante dos representantes das profesións. Todos os congresos da avogacía española, de xeito significativo o de León de 1970, o de Palma de Mallorca de 1989, o da Coruña de 1995, o de Sevilla de 1999 e o de Salamanca de 2003, e as reunións das xuntas de goberno dos colexios de avogados desde Santander en 1994, Girona en 1997, Valencia en 2001 e Santa Cruz de Tenerife en 2005, expresando o sentir unánime da avogacía española, reivindicaron a garantía dunha formación inicial igual para todos os profesionais da avogacía. En particular, no VI Congreso da Avogacía Española destacou a importancia fundamental da formación profesional práctica e a necesaria homoxeneidade na avaliación de tal capacitación para equipararse aos profesionais da Unión Europea, instando a regulación da materia por parte dos poderes públicos. Tamén as II Xornadas das Xuntas de Goberno dos Colexios de Avogados de 1997 aproveitaron a entrada en vigor da regulación sobre asistencia xurídica gratuíta para insistir nesta cuestión, e deron un paso máis co establecemento do certificado de aptitude profesional, que, aínda que voluntario, é exixido polos colexios para a inclusión do profesional na quenda de oficio.

A procuración tamén insistiu na materia. No seu X Congreso Nacional do ano 2000 sinalouse que se debe regular «o acceso ao exercicio da profesión de procurador homologándoa ao resto dos países da Unión Europea, sen prexuízo da función específica de cada profesión», o que se reiterou, como exemplo, no VII Congreso Internacional do Comité de Postulantes de Xustiza Europeos, que tivo lugar en Mallorca no ano 2004.

Outros operadores xurídicos mostráronse sensibles á cuestión. O propio libro branco da xustiza, presentado polo Consello Xeral do Poder Xudicial en 1997, reclamou a capacitación práctica destes profesionais. Así mesmo, as conclusións da X Conferencia de decanos e decanas das facultades de dereito das universidades españolas, reunidos en Vigo o día 28 de xuño de 2004, sinalaron «a asunción da necesidade e urxencia de regular o acceso ás profesións de avogado e de procurador», engadindo que o modelo debía recoller «esencial e principalmente a superación de cursos de contido práctico que deberán programar, organizar e impartir conxuntamente as facultades de dereito e os colexios de avogados» facendo referencia complementaria á posibilidade dunha proba obxectiva final.

E, de modo moi significativo, o Pacto de Estado sobre a Xustiza do ano 2001 referiuse tamén á cuestión no seu punto 20, prevendo «fórmulas homologadas cos países membros da Unión Europea para garantir a preparación para o exercicio da profesión».

## III

O texto subliña a importancia da formación práctica dos profesionais, de modo que quede garantida de forma obxectiva a súa capacidade para prestar a asistencia xurídica constitucionalmente prevista.

Para tal fin conxuga a idoneidade formativa das universidades co acervo de experiencia dos colexios profesionais. Débese destacar que a colaboración entre universidades e colexios profesionais é unha das claves do sistema. Manifestación significativa diso é que os cursos de formación requiran un período de prácticas profesionais externas cuxa existencia se asegura mediante o correspondente convenio entre a universidade e os colexios profesionais.

O recoñecemento para os efectos profesionais da formación práctica adicional ao grao en dereito permite coordinar e integrar o proceso co sistema de estudos universitarios con que non obstante, e con pleno respecto á autonomía universitaria e á súa regulación sectorial, non se interfere. Agora ben, tal e como prevé xa a regulación universitaria, non se pode prescindir neste caso do establecemento de criterios aos cales se deberán suxeitar os estudos universitarios para os efectos de posibilitar o acceso á obtención dos títulos profesionais que se regulan. Para tal fin dispónse a necesaria acreditación dos contidos formativos conxuntamente polo Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Educación e Ciencia, coa decisiva exixencia de prácticas externas, profesorado especialmente cualificado para a impartición desta formación de contido práctico, etc.

Por outra banda, o modelo non pode obviar a realidade da existencia de numerosas e prestixiosas escolas de práctica xurídica para avogados, cuxa integración no sistema descrito se produce polo seu necesario concerto coas universidades.

En todo caso, para garantir de forma obxectiva a capacitación profesional do licenciado en dereito así formado, inclúese ao final do período formativo práctico unha avaliación de natureza xeral, creando para tal fin unha comisión plural con importante representación dos sectores universitarios e profesionais afectados.

#### IV

Entrando xa na análise do articulado, cabe destacar que se regulan dous títulos acreditativos de aptitude profesional, o título profesional de avogado e o título profesional de procurador dos tribunais. A lei non interfere, máis alá de constituír estes títulos, nos presupostos de exercicio profesional da avogacía e a procuración.

Como establece o capítulo II, a formación que nos ocupa poderá ser impartida polas universidades, ben que non pode esquecer que estamos ante un título profesional, de maneira que como xa se indicou, para os efectos de admitir os correspondentes programas de estudos como suficientes para a capacitación profesional, e sen que iso interfira na súa validez académica, estes cursos serán acreditados conxuntamente polo Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Educación e Ciencia. Iso outórgalle unha gran flexibilidade ao modelo e respecta ao máximo a autonomía universitaria, pois permite que as universidades decidan que configuración terán estes estudos en cada caso, sen interferir na posibilidade de que, ademais, as universidades organicen outros estudos xurídicos de posgrao coa validez académica que lles outorgue a normativa sectorial vixente.

Así mesmo, recoñécese a validez da formación práctica impartida nas escolas de práctica xurídica de avogados, dentro dos convenios antes referidos, como recoñecemento ao labor de preparación dos profesionais que, sobre todo para a mellor tutela na xustiza gratuita, veñen realizando estas escolas.

En canto á avaliación final se refire, aínda que esta, para garantir a obxectividade, será única en todo o territorio nacional, razóns de operatividade aconsellan a súa descentralización, coa creación dunha comisión avaliadora para o territorio de cada comunidade autónoma

onde teñan a súa sede os centros que impartan esta formación práctica.

En canto ás disposicións que complementan o texto, débese destacar o establecemento dun amplo período de «vacatio legis» previo á entrada en vigor desta norma, durante o cal non se exixirán nin o título profesional de avogado nin o título profesional de procurador dos tribunais para colexiarse e exercer as respectivas profesións, de modo que non se quebre as expectativas de actuais estudantes de licenciatura ou o grao en dereito.

Así mesmo, resolveuse a cuestión daqueles que exercen o dereito desde outra función para cuxo desempeño superaron probas selectivas acreditativas de capacitación xurídica, respecto dos cales carecería de sentido sometelos a un proceso formativo e a unha avaliación reiterativa se deciden pasar a desempeñar a avogacía ou a procuración.

A competencia estatal está amparada no artigo 149.1. 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, de acordo co artigo 36 desta, polo que as previsións desta lei serán de aplicación en todo o territorio nacional.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto regular as condicións de obtención do título profesional de avogado e o título profesional de procurador dos tribunais como colaboradores no exercicio do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, co fin de garantir o acceso dos cidadáns a un asesoramento, defensa xurídica e representación técnica de calidade.

2. A obtención do título profesional de avogado na forma determinada por esta lei é necesaria para o desempeño da asistencia letrada naqueles procesos xudiciais e extraxudiciais en que a normativa vixente impoña ou faculte a intervención de avogado e, en todo caso, para prestar asistencia letrada ou asesoramento en dereito utilizando a denominación de avogado; todo iso sen prexuízo do cumprimento de calquera outro requisito exixido pola normativa vixente para o exercicio da avogacía.

3. A obtención do título profesional de procurador dos tribunais na forma determinada por esta lei é necesaria para desempeñar a representación legal das partes nos procesos xudiciais en calidade de procurador, realizando os actos de comunicación ás partes e aqueloutros actos de cooperación coa Administración de xustiza que a lei lles autorice, así como para utilizar a denominación de procurador dos tribunais, sen prexuízo do cumprimento de calquera outro requisito exixido pola normativa vixente para o exercicio da procuración.

4. A obtención dos títulos profesionais de avogado ou procurador será requisito imprescindible para a colexiación nos correspondentes colexios profesionais.

#### Artigo 2. *Acreditación de aptitude profesional.*

1. Terán dereito a obter o título profesional de avogado ou o título profesional de procurador dos tribunais as persoas que estean en posesión do título universitario de licenciado en dereito, ou do título de grao que o substitúa de acordo coas previsións contidas no artigo 88 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e a súa normativa de desenvolvemento e que acrediten a súa capacitación profesional mediante a superación da correspondente formación especializada e a avaliación regulada por esta lei.

2. A formación especializada necesaria para poder acceder ás avaliacións conducentes á obtención destes

títulos é unha formación regulada e de carácter oficial que se adquirirá a través da realización de cursos de formación acreditados conxuntamente polo Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Educación e Ciencia a través do procedemento que regulamentariamente se estableza.

3. Os títulos profesionais regulados nesta lei serán expedidos polo Ministerio de Educación e Ciencia.

## CAPÍTULO II

### Obtención da capacitación profesional

#### Artigo 3. *Formación.*

1. Os cursos de formación para avogados e procuradores poderán ser organizados e impartidos por universidades, públicas ou privadas, e por escolas de práctica xurídica.

2. Todos estes centros deberán establecer para o efecto os convenios aos cales se fai referencia neste capítulo.

#### Artigo 4. *Formación universitaria.*

1. Os cursos de formación para avogados poderán ser organizados e impartidos por universidades públicas ou privadas, de acordo coa normativa reguladora do ensino universitario oficial de posgrao e, de ser o caso, dentro do réxime de prezos públicos, e deberán ser acreditados, por proposta destas, de conformidade co establecido no artigo 2.2. Esta acreditación outorgarase sen prexuízo das autorizacións e aprobacións exixidas pola normativa educativa para os efectos da validez e titulación académica dos referidos cursos.

2. Constituirán requisitos indispensables para a acreditación dos referidos cursos que estes comprendan a realización dun período de prácticas externas nos termos do artigo 6, e que inclúan a realización da avaliación regulada no capítulo III.

3. Regulamentariamente estableceranse o procedemento e os requisitos que deberán cumprir tales cursos para a súa acreditación periódica no referente ao seu contido e duración, así como á titulación e cualificación do profesorado, de modo que quede garantida a presenza da metade, polo menos, de profesionais colexiados exercentes. A duración dos cursos será de 60 créditos, máis os créditos necesarios para a realización das prácticas externas referidas no artigo 6.

4. O previsto neste artigo será de aplicación aos cursos de formación para o acceso á procuración de acordo coa específica regulación que para o efecto se estableza en sede regulamentaria.

#### Artigo 5. *Escolas de práctica xurídica.*

1. As escolas de práctica xurídica creadas polos colexios de avogados que fosen homologadas polo Consello Xeral da Avogacía conforme a súa normativa reguladora, poderán organizar e impartir cursos que permitan acceder á avaliación regulada no artigo 7, sempre que os citados cursos sexan acreditados conxuntamente polos ministerios de Xustiza e de Educación e Ciencia na forma que regulamentariamente se determine.

2. Para que se poida proceder á acreditación e recoñecemento dos seus cursos para os efectos da determinación do seu programa, contido, profesorado e demais circunstancias, as escolas de práctica xurídica deberán celebrar un convenio cunha universidade, pública ou privada, polo cal se garanta o cumprimento das exixencias xerais previstas no artigo 4 para os cursos de formación. Así mesmo, deberán prever a realización dun período de prácticas externas na avogacía ou na procuración

segundo estean orientados á formación profesional dos avogados ou dos procuradores, nos termos do artigo seguinte, e a realización da avaliación regulada no capítulo III.

#### Artigo 6. *Prácticas externas.*

1. As prácticas externas en actividades propias do exercicio da avogacía ou en actividades propias da procuración, cos requisitos que regulamentariamente se determinen, deberán constituír a metade do contido formativo dos cursos a que se refiren os artigos precedentes, quedando como parte integrante deles. En ningún caso implicarán relación laboral ou de servizos.

2. As prácticas realizaranse baixo a tutela dun avogado ou procurador, segundo se dirixan á formación para o exercicio da avogacía ou da procuración. Os titores serán avogados ou procuradores cun exercicio profesional superior a cinco anos. Os respectivos estatutos xerais da avogacía e da procuración regulamentarán os demais requisitos para o desempeño da titoría, así como os dereitos e obrigas do titor, cuxa infracción dará lugar a responsabilidade disciplinaria.

3. Nos supostos regulados nos artigos 4 e 5.2, deberá celebrarse un convenio entre a universidade e, polo menos, un colexio profesional de avogados ou un colexio profesional de procuradores, que estableza a fixación do programa de prácticas e a designación dos correspondentes titores, o número máximo de alumnos que se lle poderá asignar a cada titor, os lugares ou institucións onde se efectuarán as prácticas, así como os mecanismos de control do exercicio destas, dentro dos requisitos fixados regulamentariamente.

4. Unha vez presentada unha oferta de convenio por unha universidade ou unha escola de práctica xurídica, para os efectos do establecido no artigo 4.2 en relación cos artigos 5.2 e 6.3 desta lei, e sempre que esta reúna os requisitos mínimos establecidos polos ministerios responsables da acreditación dos cursos de formación, nos termos previstos no artigo 2.2, a parte á cal se presente a oferta non poderá rexeitala de forma arbitraria e deberá ditar resolución motivada en relación con esta.

## CAPÍTULO III

### Acreditación da capacitación profesional

#### Artigo 7. *Avaliación.*

1. A avaliación da aptitude profesional, que culmina o proceso de capacitación profesional, ten por obxecto acreditar, de modo obxectivo, formación práctica suficiente para o exercicio da profesión de avogado ou da profesión de procurador, así como o coñecemento das respectivas normas deontolóxicas e profesionais.

2. As comisións para a avaliación da aptitude profesional serán convocadas conxuntamente polo Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Educación e Ciencia, oídas as comunidades autónomas, o Consello de Coordinación Universitaria e o Consello Xeral da Avogacía ou o Consello Xeral dos Colexios de Procuradores.

3. Regulamentariamente establecerase a composición da comisión avaliadora para o acceso á avogacía e da comisión avaliadora para o acceso á procuración, que serán únicas para os cursos realizados no territorio dunha mesma comunidade autónoma, asegurando a participación nelas de representantes do Ministerio de Xustiza e do Ministerio de Educación e Ciencia, e de membros designados por proposta da respectiva comunidade autónoma. En todo caso, na comisión avaliadora para o acceso á avogacía haberá membros designados por proposta do Consello Xeral da Avogacía Española; así

mesmo, na comisión avaliadora para o acceso á procura- ción haberá membros designados por proposta do Con- sello Xeral dos Procuradores dos Tribunais. O número de representantes designados por proposta de cada ministe- rio, da comunidade autónoma, e da correspondente cor- poración profesional será o mesmo.

4. Se o número de aspirantes así o aconsella, pode- rase constituír unha única comisión avaliadora para os cursos realizados no territorio de varias comunidades autónomas, sinalándoo así na convocatoria.

5. Tanto a avaliación para o acceso á avogacía como a avaliación para o acceso á procura- ción terán contido único para todo o territorio español en cada convocatoria. Regulamentariamente determinarase o procedemento polo cal o Ministerio de Xustiza fixará o contido concreto de cada avaliación, con participación das universidades organizadoras dos cursos, do Consello Xeral da Avogacía Española ou do Consello Xeral dos Procuradores dos Tri- bunais.

6. As convocatorias terán unha periodicidade mínima anual e non poderán establecer un número limi- tado de prazas.

7. Regulamentariamente regularase o procedemento de convocatoria, lugares e forma de realización da avalia- ción, publicación e comunicación dos resultados e demais requisitos necesarios para a súa realización. Así mesmo, regularanse os programas, que recollerán tamén mate- rias relativas ao dereito propio das comunidades autóno- mas, e o sistema de avaliación, de modo diferenciado para a avogacía e a procura- ción de acordo coa diferente capacitación necesaria para o desempeño dunha e doutra profesión.

Disposición adicional primeira. *Liberdade de establece- mento.*

O exercicio permanente en España da profesión de avogado ou procurador con título profesional obtido noutro Estado membro da Unión Europea ou do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo regularase pola súa lexislación específica.

Disposición adicional segunda. *Axudas e bolsas.*

O Goberno garantirá a igualdade de oportunidades para o acceso ao exercicio das profesións de avogado e procurador; para tal efecto estableceranse axudas e bols- as para aqueles licenciados en dereito que queiran obter calquera das titulacións a que se refire esta lei, de confor- midade co sistema nacional de bolsas.

Disposición adicional terceira. *Exercicio profesional dos funcionarios públicos.*

1. A actuación do persoal ao servizo do Estado, dos órganos constitucionais, das administracións públicas ou entidades públicas ante xulgados e tribunais no desem- peño das funcións propias do cargo rexerese polo dis- posto no artigo 551 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e demais lexislación aplicable, sen que en ningún caso lle sexa exixible a obtención do título regulado nesta lei.

2. Os funcionarios públicos que accedesen a un corpo ou escala do grupo A na súa condición de licen- ciados en dereito estarán exceptuados de obter o título de avogado ou o título de procurador dos tribunais para os efectos descritos no artigo 1 desta lei, sempre que desem- peñen funcións de asistencia letrada ou asesoramento xurídico. Tamén estarán exceptuados os que ingresasen no corpo de letrados das Cortes Xerais, nalgún dos cor- pos de letrados das asembleas lexislativas autonómicas, na carreira xudicial, na carreira fiscal, no corpo de secreta-

rios xudiciais, ou nalgún dos corpos comúns das Forzas Armadas na súa condición de licenciados en dereito.

Disposición adicional cuarta. *Adaptación das normas colexiais ao previsto nesta lei.*

Os colexios profesionais de avogados e procuradores adaptarán a súa normativa ao previsto por esta lei.

Disposición adicional quinta. *Accesibilidade.*

Co obxecto de favorecer o acceso das persoas con discapacidade ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, no deseño e realización dos cursos e avalia- cións a que se refire o artigo 2.2 desta lei teranse en conta criterios de accesibilidade.

Disposición adicional sexta. *Consellos autonómicos.*

As referencias ao Consello Xeral da Avogacía ou ao Consello Xeral da Procura- ción, ou aos seus respectivos estatutos, contidas no articulado da lei, entenderanse fei- tas, de ser o caso, aos respectivos consellos autonómicos ou á súa normativa reguladora, de conformidade co que dispoña a lexislación aplicable.

Disposición adicional sétima. *Grao en dereito e licenciatu- ra en dereito.*

Para os efectos desta lei, a referencia ao grao en dereito entenderase feita á licenciatura en dereito, cando así corresponda.

Disposición transitoria única. *Profesionais colexiados no momento da entrada en vigor da exixencia de título profesional.*

1. Os títulos profesionais regulados nesta norma non serán exixibles aos que xa estivesen incorporados a un colexio de avogados ou procuradores, como exercentes ou non exercentes, no momento da entrada en vigor desta lei.

2. Os títulos profesionais regulados nesta lei tam- pouco serán exixibles aos que, sen estaren incorporados a un colexio de avogados ou procuradores no momento da súa entrada en vigor, estivesen incorporados antes da súa entrada en vigor, como exercentes ou non exercentes, durante un prazo continuado ou discontinuo non inferior no seu cómputo total a un ano, sempre que procedan a colexiarse antes de exercer como tales e non causasen baixa por sanción disciplinaria.

3. Os que no momento da entrada en vigor desta lei estivesen en posesión do título universitario de licenciado ou de grao en dereito, e non estivesen comprendidos no punto anterior, disporán dun prazo máximo de dous anos, contados desde a súa entrada en vigor, para proceder a colexiarse, como exercentes ou non exercentes, sen que lles sexa exixible a obtención dos títulos profesionais que nela se regulan.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

As disposicións contidas nesta lei, ditadas ao abeiro do artigo 149.1. 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución e de acordo co artigo 36 desta, serán de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Facúltanse o Goberno, os ministerios de Xustiza e de Educación e Ciencia e o resto de departamentos ministeriais competentes para ditan cantas disposicións regulamentarias fosen necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor desta lei.*

Esta lei entrará en vigor aos cinco anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**18873** *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2006, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento e aplicación do Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados.* («BOE» 260, do 31-10-2006.)

A disposición derradeira cuarta da Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados (en diante Regulamento de radioafeccionados), faculta a Axencia Estatal de Radiocomunicacións (AER) para ditan as instrucións que considere necesarias para o desenvolvemento e aplicación do devandito regulamento, así como para actualizar o contido técnico dos seus anexos. Así mesmo, a disposición transitoria segunda da mesma orde establece que, ata a efectiva constitución da AER, a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á xestión do dominio público radioeléctrico por afeccionados continuará correspondendo aos órganos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que a tiñan atribuída ata a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Na súa virtude, dispoño o seguinte:

Primeiro.–Apróbanse as instrucións que desenvolven o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados aprobado por Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, que figuran como anexo a esta resolución.

Segundo.–Quedan derogadas as seguintes disposicións:

Resolución do 29 de setembro de 1986, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se ditan normas transitorias para a obtención de licenzas de estacións de afeccionado.

Resolución do 11 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se ditan normas transitorias para a obtención de licenzas de estacións de afeccionado.

Resolución do 13 de febreiro de 1987, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 10 de xullo de 1987, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, sobre a autorización de distintivos de chamada especiais a estacións radioeléctricas de afeccionado.

Resolución do 6 de marzo de 1990, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifica o anexo I do Regulamento de estacións de afeccionado aprobado por Orde do 21 de marzo de 1986.

Resolución do 4 de decembro de 1991, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal e experimental, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 MHz a 50,2 MHz.

Resolución do 8 de abril de 1992, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se autoriza a utilización temporal para o servizo de afeccionados de determinados distintivos de chamada especiais.

Resolución do 27 de xullo de 1994, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establecen o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal e experimental, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 MHz a 50,2 MHz.

Resolución do 7 de marzo de 1995, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifica a do 13 de febreiro de 1987, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 5 de febreiro de 1996, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifican as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 7 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 a 50,2 MHz.

Resolución do 28 de marzo de 2005 pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos para a utilización da banda de 50,0 a 51,0 MHz.

Resolución do 16 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, pola que se modifica a do 13 de febreiro de 1987, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 13 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, pola que se modifica a do 7 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 a 50,2 MHz.

Igualmente queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango en todo o que se opoña a esta resolución.

Terceiro.–A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de setembro de 2006.–O secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, Francisco Ros Perán.